

## INDICADORES DE PRODUTIVIDADE SOBRE PARTICIPANTES

Información requerida de conformidade ao estipulado no artigo 5 do Regulamento (UE) Nº 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

SOLICITANTE DA INFORMACIÓN		
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		NIF
DIRECCIÓN E DATOS DE CONTACTO		TELÉFONO
		EMAIL

DATOS DA OPERACIÓN		
NOME		CÓDIGO
DESCRICIÓN		DATA INICIO
		DATA FIN

DATOS DO/A PARTICIPANTE		
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		Doc. Identificativo
DIRECCIÓN E DATOS DE CONTACTO		TELÉFONO
		EMAIL

### DECLARACIÓN DA PERSOA PARTICIPANTE

Mediante este documento declara que a **situación anterior ao comezo da participación na actividade** é a seguinte:

SITUACIÓN LABORAL (1)	Marque a opción máis axeitada(só unha)
Desempregado	<input type="checkbox"/>
Desempregado de longa duración (6 ou máis meses para menores de 25 anos, 12 ou máis meses para maiores de ou igual a 25 anos)	<input type="checkbox"/>
Inactivo integrado en sistema de educación ou formación	<input type="checkbox"/>
Inactivo NON integrado en sistema de educación ou formación	<input type="checkbox"/>
Con emprego, incluídos os traballadores por conta propia	<input type="checkbox"/>

IDADE	Marque a opción máis axeitada(só unha)
Menor de 25 anos	<input type="checkbox"/>
De 25 a 54 anos	<input type="checkbox"/>
Maior de 54 anos	<input type="checkbox"/>

FORMACIÓN (2)	Marque a opción máis axeitada(só unha)
Con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundario (CINE 2)	<input type="checkbox"/>
Co segundo ciclo de ensino secundario (CINE 3) ou con ensino postsecundario (CINE 4)	<input type="checkbox"/>
Con ensino superior ou terciario (CINE 5 a 8)	<input type="checkbox"/>
Sen estudos regrados terminados	<input type="checkbox"/>

SITUACIÓN FAMILIAR	Respostas
É muller pertencente a colectivos máis vulnerables?	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

DESAFAVORECIDOS (3)	Respostas
De orixe estranxeiro ou inmigrantes	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> N/C
Minorías étnicas	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> N/C
Ten algunha discapacidade	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> N/C
Outras persoas desfavorecidas	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> N/C
Sen fogar ou afectado pola exclusión en canto a vivenda	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> N/C
Vive nun núcleo de poboación inferior a 5.000 habitantes	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> N/C

(1) Situación Laboral:

Seleccionarase a opción '**Con emprego, incluídos os traballadores por conta propia**' en calquera dos seguintes casos:

1. Persoa empregada por conta allea, incluíndo prácticas remuneradas
2. Persoa empregada por conta propia (autónomos/as)
3. Persoa empregada só con carácter estacional se o/a empresario/a segue pagando polo menos o 50 % do seu salario durante a tempada baixa
4. Persoa que axuda nun negocio familiar e percibe unha remuneración ou vive no fogar familiar, ou ambas.

Seleccionarase unha das dúas opcións de '**Desempregado**' cando, sen estar en ningún dos supostos do apartado anterior, a persoa estea sen traballo, dispoñible para traballar e buscando traballo activamente (como, por exemplo, mediante a inscrición no Servizo Público de Emprego). Marcarase esta opción aínda que a persoa teña un pequeno emprego a tempo parcial se así o permitise a normativa sobre busca de emprego.

Seleccionarase unha das dúas opcións de '**Inactivo**' cando non se estea en ningún dos dous supostos anteriores. Incluiríase aquí tamén ás persoas que estudan a tempo completo (aínda que estean rexistrados/as como demandantes de emprego).

(2) Formación:

Seleccionarase o nivel de estudos máis alto acadado, incluídos aqueles que non estean homologados nin recoñecidos en España. As equivalencias dos estudos son as seguintes:

- CINE 1 ou CINE 2: Educación primaria obrigatoria / Educación secundaria obrigatoria / Certificado de profesionalidade nivel 1 ou 2
- CINE 3 ou CINE 4: Bacharelato / Formación profesional básica ou de grao medio / Certificado de profesionalidade nivel 3
- CINE 5 a 8: Formación profesional de grao superior / Titulación universitaria

(3) A cumprimentación destes datos será de carácter opcional.

### **INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:**

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, infórmase do seguinte:

Os datos de carácter persoal recollidos neste formulario serán tratados na súa condición de responsable pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, con enderezo no edificio administrativo de San Caetano, s/n de Santiago de Compostela. Teléfono: 981545154. Enderezo electrónico: [dx.politica.financeira.tesouro.fondos.europeos.facenda@xunta.gal](mailto:dx.politica.financeira.tesouro.fondos.europeos.facenda@xunta.gal)

A finalidade do tratamento é o de levar a cabo as obrigas recollidas nos artigos 50 e 56 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e desenvolvidas no artigo 5, no artigo 19 e nos Anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013.

Os datos serán conservados durante o tempo esixible pola normativa comunitaria, o cal será como mínimo ata o peche do período de programación.

O tratamento dos datos baséase na obriga comunitaria de recoller datos detallados sobre cada participante que se beneficie dunha axuda procedente do Fondo Social Europeo, incluído o Programa de Garantía Xuvenil.

Os datos só poderán ser cedidos para o cumprimento das obrigas relacionadas coa auditoría e co bo desenvolvemento da xestión encomendada.

Toda persoa participante está obrigada a facilitar a información aquí solicitada, agás os datos especificamente sinalados como de carácter opcional. A negativa a subministrar esta información obrigatoria pode conlevar a súa correspondente penalización.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ou oposición ao seu tratamento. Poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das Oficinas de rexistro e información propias da Xunta de Galicia, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Ademais terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Contacto do delegado de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Lin a Información Básica sobre Protección de Datos e doume por informado.

SINATURA DA PERSOA PARTICIPANTE					
Lugar e data					
	,		de		de